CALENDARIO COMPETENCIAL

2026-2027

Educación infantil e primaria





O río Lérez fronte á cidade de Pontevedra. Concello de Pontevedra

Setembro 2026

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE DE ANIMACIÓN
Toy Story 5, Toy Story 1

PROPOSTAS DE LITERATURA INFANTIL E DE PRIMARIA
Cienciópole: *O segredo das abellas*, Ben Newman
O país da choiva, Miguel Ángel Alonso Diz

OBRAS MESTRAS DO CINE
El espíritu de la colmena (Erice, 1973)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES
A agonía das folerpas (II Premio de Novela Galicia Rural 2022), Óscar Reboiras Loureiro

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
	1 Indagar sobre as mulleres rurais da familia	2 Conversar sobre a enfermidade do alzhéimer e como axudar	3 Deseñar as normas básicas de convivencia do fogar e gravar un audio	4 Crear un problema matemático con datos do fogar empregando as medidas de capacidade ou lonxitude	5 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra Escoitar unha emisora de radio	**6** Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes, localizala no mapa da provincia e rexistrar a información de forma oral ou escrita
7 Cear coa televisión apagada, conversar sobre o uso abusivo do coche e do móbil e buscar estratexias para modificar a situación	8 Elaborar unha lista de alimentos caducados ou a piques de caducar Realizar unha colaxe con imaxes dos membros da familia con descricións en QR	9 Analizar e conversar sobre o uso abusivo das redes sociais e dos aparellos electrónicos	10 Indagar sobre a recollida selectiva do lixo e crear un póster-mapa cognitivo explicando como se realiza e as cores empregadas nos recipientes	11 Conversar e argumentar sobre os principais avances da ciencia e da tecnoloxía, identificando riscos e beneficios	12 Publicitar propostas de literatura, cine e música Realizar unha liga de xogos de mesa: Cubirds, Cortex	**13** Conversar en familia sobre actividades ou manifestacións culturais da zona e as preferencias de cadaquén
14 Elixir e escoitar pezas musicais e compartilas realizando descricións	15 Crear un *podcast* sobre teatro	16 Indagar sobre o funcionamento de diferentes aparellos, obxectos ou máquinas que se empreguen no fogar e as precaucións que hai que tomar para usalos	17 Crear unha historia descritiva que teña como protagonistas membros da familia a través dalgunha aplicación en rede coma Story Jumper	18 Visionar unha película ou un capítulo dunha serie en lingua inglesa con subtítulos	19 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar	**20** Fotografar patrimonio arquitectónico e crear un informe
21 Conversar en familia ou na aula sobre a posibilidade dunha vida sen coches ou cun uso restrinxido	22 Analizar e valorar as facturas do teléfono, da luz, do gas... e buscar estratexias para reducir o seu consumo	23 Indagar, reflexionar, argumentar e crear un informe sobre os beneficios do bo clima familiar e das boas relacións	24 Ler algún libro, páxina ou palabras en inglés/galego	25 Conversar sobre a insostibilidade da industria téxtil	26 Indagar, realizar un informe oral e publicitar o traballo dunha muller locutora da contorna	**27** Deseñar e crear en familia un prato de comida con peixe e rexistrar os ingredientes con palabras ou imaxes, fotografando, gravando e publicitándoo
28 Describir as principais características do aparello respiratorio explicando as súas funcións	29 Indagar sobre os prezos dos alimentos creando unha planificación de gastos e estratexias de aforros	30 Identificar e recoñecer as características das plantas da contorna e tratar de clasificalas con criterios científicos para crear un documental, vídeo ou póster				



Ponte colgante de Calvelo. Concello de Cerdedo Cotobade

Outubro 2026

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE DE ANIMACIÓN

Hoppers, Mi vecino Totoro

PROPOSTAS DE LITERATURA INFANTIL E DE PRIMARIA

A escola do bosque de dona Avelaiona: *A busca do tesouro*, Seb Braun

Pat Estrela, David Braña

OBRAS MESTRAS DO CINE

Una mujer bajo la influencia (Cassavetes, 1974)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

O lapis do carpinteiro, Manuel Rivas*; A lingua estranxeira*, Brais Lamela

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
			1 Crear textos argumentativos orais ou escritos sobre enfermidades e vacinas	2 Planificar actividades de lecer en familia para o mes	3 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	**4** Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes, localizala no mapa da provincia e rexistrar a información de forma oral ou escrita
5 Investigar sobre os diferentes billetes e moedas de países da Unión Europea e de países que non forman parte dela	6 Indagar sobre o mundo das plantas e dos fungos e elaborar un informe Crear un poema descritivo no que aparezan paisaxes da contorna	7 Indagar sobre formas xeométricas, poliedros e corpos redondos (prisma, pirámide, cilindro, cono, esfera…) en edificacións da contorna ou do mundo e identificar lados, vértices, caras, ángulos e arestas	8 Cear coa televisión apagada e conversar sobre o consumo de enerxía de aparellos, máquinas e obxectos do fogar	9 Cear sen televisión e conversar sobre accións que podemos realizar para erradicar a pobreza	10 Indagar sobre os ingredientes dos alimentos en lingua inglesa e identificar a súa correspondencia co galego ou co castelán Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar	**11** Fotografar lavadoiros da contorna e deseñar un informe Escoitar unha emisora de radio Publicitar propostas de literatura, cine e música
12 Buscar personaxes infantís femininas en libros e contos, identificar o seu rol na historia e crear un proxecto audiovisual	13 Crear unha historia coa biografía das mulleres rurais da familia	14 Crear un *podcast* argumentativo sobre cine ou series favoritas Localizar e reflexionar sobre dez libros escritos por mulleres	15 Indagar a partir de entrevistas sobre persoas que desempeñan distintas profesións relacionadas co mundo agrícola e crear un informe oral, gráfico ou escrito	16 Conversar en familia e propoñer desafíos para unha sociedade sostible	17 Elixir e escoitar pezas musicais e compartilas realizando descricións	**18** Conversar sobre conflitos entre os membros da familia e como se puideron solucionar de forma positiva
19 Indagar en familia ou na aula sobre as zonas do planeta con maior índice de pobreza argumentando as causas e crear un informe oral, gráfico ou escrito	20 Localizar a utilidade dos edificios públicos da zona: centros educativos, casa do concello, centro de saúde...	21 Crear un *podcast* sobre un libro de aventuras Describir as principais características do aparello dixestivo explicando as súas funcións	22 Indagar sobre os accidentes de tráfico valorando e argumentando as posibles causas e consecuencias e crear un informe oral, gráfico ou escrito	23 Explorar as posibilidades sonoras e expresivas da contorna, do corpo, instrumentos, dispositivos electrónicos…	24 Realizar unha liga de xogos de mesa: xadrez, damas	**25** Indagar, realizar un informe oral e publicitar o traballo dunha muller escritora-poeta da contorna
26 Crear unha cuña publicitaria expositiva para convidar a cidadanía a unha festa de Samaín ou a un magosto familiar destacando a importancia da festa nun informe oral, gráfico ou escrito	27 Indagar, comprender e crear un informe oral, gráfico ou escrito sobre os beneficios dos animais para a vida dos seres humanos e identificar animais da zona	28 Indagar sobre diferentes enfermidades e os beneficios das vacinas, crear un texto informativo e publicitalo	29 Realizar un maratón de cálculo mental en familia Analizar e valorar o desvío dos gastos do mes e argumentar solucións	30 Analizar e interpretar planos ou maquetas de espazos da contorna ou do centro	31 Deseñar e crear un prato de comida con carne e rexistrar os ingredientes con palabras ou imaxes, fotografando, gravando e publicitándoo	



Vila da Guarda. Concello da Guarda

Novembro 2026

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE DE ANIMACIÓN
Intercambiados (Netflix), *El viaje de Chihiro*

PROPOSTAS DE LITERATURA INFANTIL E DE PRIMARIA
O fío invisible, Míriam Tirado e Marta Moreno; *Irmáns!*, Rocío Bonilla Raya
Mortiña e o cuarto agochado, Barbara Cantini

OBRAS MESTRAS DO CINE
Al final de la escapada (Godard, 1960)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES
Pel de cordeiro, Ledicia Costas; *Só os mortos saben a verdade*, Óscar M. Guzmán

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
						1 Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes, localizala no mapa da provincia e rexistrar a información de forma oral ou escrita
2 Elixir unha escultura dedicada ás mulleres, explicala e elaborar a nosa propia interpretación en arxila Detallar as principais características do aparello locomotor explicando as súas funcións	3 Seleccionar unha banda sonora con letra en inglés ou galego para usar como música de ambiente durante a cea	4 Escoitar unha emisora de radio Indagar, realizar un informe oral e publicitar o traballo dunha muller artesá da contorna	5 Explicar o proceso de evaporación ou disolución e crear un informe oral, gráfico ou escrito	6 Deseñar e elaborar un bodegón natural con froitos de outono	7 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	**8** Fotografar parques naturais da zona e crear un informe Publicitar propostas de literatura, cine e música
9 Buscar figuras cadradas, triangulares e circulares da contorna e elaborar un rexistro de cada unha	10 Organizar un magosto e redactar e enviarlles invitacións ás persoas convidadas a través do correo electrónico ou do WhatsApp	11 Crear un *podcast* sobre cine de aventuras/documental	12 Reflexionar sobre os dereitos e deberes das nenas e nenos de Galicia e redactar un decálogo	13 Inventar un poema, un decálogo ou unha rima Conversar en familia sobre as causas do éxodo rural ou a emigración e crear un *podcast*	14 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar Crear un retrato persoal co título en inglés/galego e escribir as partes do corpo	**15** Inventar unha poesía, gravala co móbil e enviarlla a unha muller importante para ti a través do correo electrónico, dunha postal ou do WhatsApp
16 Buscar en internet efemérides do 25 de novembro. Debater que ten de importante esa data, deseñar e elaborar un adobío para decorar a porta de entrada	17 Deseñar e elaborar un cartel dixital co decálogo de dereitos e deberes para imprimilo e pegalo polo concello no Día Universal da Infancia	18 Indagar sobre as unidades de relevo máis importantes da túa zona para realizar un audio	19 Cear en familia sen televisión e conversar en galego sobre o outono	20 Buscar en internet obras de arte dedicadas ás mulleres (pintura, escultura…) e reflexionar sobre o que representan	21 Elixir e escoitar pezas musicais e compartilas realizando descricións Realizar unha liga de xogos de mesa: Railroad, Dobble	**22** Crear mandalas con flores, follas, pedras... e describilas
23 Recompilar información, analizala e facer unha gráfica do tempo atmosférico no mes de novembro no noso concello cun procesador de textos	24 Escribir frases positivas para os nosos familiares e amizades e pegalas no frigorífico ou facer un mural	25 Crear unha cuña publicitaria sobre a importancia da eliminación da violencia contra a muller	26 Conversar sobre os riscos das enerxías non renovables	27 Fotografar unha paisaxe que represente o mes de novembro e argumentar a elección	28 Deseñar e crear unha empanada doce e rexistrar os ingredientes con palabras ou imaxes, fotografando, gravando e publicitándoa	**29** Fotografar unha paisaxe onde apareza a choiva e poñerlle un título a esa fotografía
30 Observar, nomear, escribir e debuxar obxectos que se empreguen na cociña e a súa utilidade						



Paseo fluvial do río Pontiñas. Concello de Lalín

Decembro 2026

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE DE ANIMACIÓN

Arco, Up

PROPOSTAS DE LITERATURA INFANTIL E DE PRIMARIA

De que cor é un bico?, Rocío Bonilla Raya; *Inventario de bruxas*, Ramón D. Veiga
A montaña de libros máis alta do mundo, Rocío Bonilla Raya

OBRAS MESTRAS DO CINE

El sur (Erice, 1983)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

Persépole, Marjane Satrapi; *O país invisible*, Arturo Lezcano González

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
	1 Deseñar e resolver problemas matemáticos empregando datos dos alimentos do frigorífico ou do supermercado	2 Elaborar, pintar e decorar as bólas para a árbore do Nadal	3 Indagar sobre a alimentación do Nadal en diferentes partes do mundo e realizar un mural navideño	4 Buscar información na biblioteca ou en medios dixitais sobre a Constitución e crear un informe oral, gráfico ou escrito	5 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	**6** Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes, localizala no mapa da provincia e rexistrar a información de forma oral ou escrita
7 Indagar sobre o significado dos elementos característicos do Nadal	**8** Fotografar árbores ou plantas ornamentais que máis gusten na familia	9 Indagar en internet sobre os dereitos humanos e debater en familia ou na aula verbalizando o que significan	10 Crear un *podcast* sobre patrimonio arquitectónico	11 Crear unha panxoliña, gravala e remitirlla á familia Escoitar e ver en familia o vídeo da canción *If you're Happy* e imitar as accións	12 Gravar audios para felicitarlles o Nadal ás amizades e membros da familia Colaborar co banco de alimentos e decidir con que tipo de alimento	**13** Fotografar árbores senlleiras e crear un informe Escoitar unha emisora de radio
14 Indagar, realizar un informe oral e publicitar o traballo dunha muller deportista da contorna	15 Reflexionar en familia sobre o significado do Nadal no mundo e os sentimentos que se producen en cada membro da unidade familiar e crear un informe oral, gráfico ou escrito	16 Deseñar e crear un centro de mesa con elementos naturais	17 Crear un *podcast* sobre as películas favoritas do ano Describir as principais características do aparello circulatorio explicando as súas funcións	18 Propoñer una sobremesa para a cea de Noiteboa, redactar a lista da compra e realizala coa familia publicitándoa	19 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar Ler ou crear unha historia coa temática do Nadal e publicitala	**20** Deseñar e crear un prato de comida con ovos e rexistrar os ingredientes con palabras ou imaxes, fotografando, gravando e publicitándoo
21 Crear mensaxes de felicitación para familiares e amizades a través do correo postal, do correo electrónico e do WhatsApp	22 Conversar en familia sobre que foi o que máis nos gustou deste ano que acaba e que nos gustaría para o ano que comeza	23 Colaborar na elaboración do xantar do Nadal e nos adobíos da mesa	24 Conversar en familia sobre o especial do día e que nos fai sentir	**25** Gravar vídeos e audios expresando como nos sentimos nesta data	26 Planificar en familia a cea de fin de ano e o xantar de Aninovo Crear un audio con desexos ou retos para o ano 2027 Publicitar propostas de literatura, cine e música	**27** Realizar unha liga de xogos de mesa: Trio, Hitster Elixir e escoitar pezas musicais e compartilas realizando descricións
28 Localizar dous textos informativos ou argumentativos nun xornal e identificar palabras derivadas	29 Recoller auga da chuvia para regar, realizar un cálculo dos litros recollidos e crear un informe oral, gráfico ou escrito cos beneficios	30 Gravar un vídeo ou un audio cunha felicitación de Aninovo para a familia	31 Colaborar na preparación da cea e da mesa da noite de fin de ano e conversar sobre o día que é, por que é especial e que nos fai sentir			



Mariscadoras na torre de San Sadurniño. Concello de Cambados

Xaneiro 2027

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE DE ANIMACIÓN
Minions & Monsters, WALL-E

PROPOSTAS DE LITERATURA INFANTIL E DE PRIMARIA
Avelina, es divina, Gracia Iglesias; *Non somos lixo*, Eva Rodríguez Juanes
Operación morcego, Mara Méndez

OBRAS MESTRAS DO CINE
La chica de la fábrica de cerillas (Kaurismäki, 1990)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES
A cámara das marabillas, María Oruña; *As malas ideas*, María Solar

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
				1 Planificar actividades de lecer en familia para o mes Elaborar un cartel con medidas proactivas para o consumo responsable da auga	2 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	**3** Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes, localizala no mapa da provincia e rexistrar a información de forma oral ou escrita
4 Fotografar as plantas que hai na casa ou na contorna, identificalas co seu nome e escribilo nunha etiqueta	5 Cear coa televisión apagada e conversar sobre inventos útiles para a vida familiar e doméstica	**6** Escribir en inglés/galego as emocións que sentes: *I feel sad/happy/angry/bored...*	7 Resumir de forma oral ou escrita un conto ou libro e publicitalo	8 Crear un *podcast* sobre patrimonio cultural ou natural	9 Crear un *podcast* sobre alimentación saudable facendo fincapé na sostibilidade e nos alimentos de proximidade	**10** Fotografar palcos ou edificacións civís e senlleiras e crear un informe Elixir e escoitar pezas musicais e compartilas realizando descricións
11 Seleccionar, limpar e empaquetar xogos e xoguetes que xa non usemos para doarllos a unha ONG	12 Realizar unha videoconferencia para falar con familiares	13 Crear unha cuña sobre unha festa popular	14 Elixir tres anuncios da televisión ou dun xornal e explicar a elección e a utilidade	15 Crear un *podcast* sobre cine de animación	16 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar Crear e realizar en familia encrucillados, sudokus ou sopas de letras	**17** Consultar o tempo e escribilo en inglés/galego: *today it's sunny/rainy/cold...* Realizar unha liga de xogos de mesa: Quick Stop, Toma 6
18 Crear unha táboa para rexistrar os días de sol, chuvia, nubrados, de treboada... e cada mes realizar unha gráfica rexistrando os días de chuvia do mes	19 Sacarlles fotos a sinais de tráfico preto da casa e identificar a súa utilidade Indagar sobre a importancia da separación do lixo para reciclar	20 Identificar aparellos electrónicos no fogar e crear un informe oral ou escrito sobre a súa utilidade	21 Observar e recoñecer instrumentos musicais que forman parte duna banda ou orquestra	22 Recompilar e memorizar números de teléfono de servizos públicos, amizades ou familiares	23 Identificar figuras planas na arquitectura: rectángulo, cadrado, romboide, rombo, triángulo, trapecio, e crear un titorial	**24** Deseñar e crear un prato de comida con legumes e rexistrar os ingredientes con palabras ou imaxes, fotografando, gravando e publicitándoo
25 Reflexionar sobre a utilidade da educación na vida das persoas	26 Crear e resolver problemas matemáticos con elementos de inverno	27 Indagar sobre as mulleres que recibiron o Premio Nobel da Paz e explicalo nun documental, póster, *podcast,* vídeo de YouTube...	28 Elaborar unha lista coas normas do xogo das damas, xadrez ou sudokus empregando o ordenador	29 Analizar e reflexionar sobre a utilidade dos carteis da contorna	30 Indagar, realizar un informe oral e publicitar o traballo dunha muller pintora da contorna Publicitar propostas de literatura, cine e música	**31** Escoitar unha emisora de radio



Pasos de Lourido. Concello de Covelo

Febreiro 2027

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE DE ANIMACIÓN

Tadeo Jones y la lámpara maravillosa, Toy Story 3

PROPOSTAS DE LITERATURA INFANTIL E DE PRIMARIA

Galiña contra ovo, Gareth P. Jones; *O ladrón de sol*, Alice Hemming

Quero ser coma Vero Boquete, Fran Fernández Davila

OBRAS MESTRAS DO CINE

Terciopelo azul (Lynch, 1986)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

A agonía das folerpas, Óscar Reboiras Loureiro; *A lingua estranxeira*, Brais Lamela

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
1 Indagar e argumentar sobre as causas do envellecemento da poboación	2 Indagar sobre os prezos dos alimentos e planificar gastos en alimentos do mes	3 Buscar e rexistrar xogos populares das avoas e dos avós	4 Localizar en libros, contos ou xornais diferentes tipos de palabras	5 Cociñar orellas e filloas en familia Publicitar propostas de literatura, cine e música	6 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	7 Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes, localizala no mapa da provincia e rexistrar a información de forma oral ou escrita
8 Escribirlle a cada membro da familia nunha nota adhesiva unha frase positiva para poñer na neveira Crear un mural coas normas de convivencia da familia	9 Recortar dunha revista cinco disfraces que nos gusten e crear un novo para o Entroido	10 Inventar problemas matemáticos empregando contidos coma números e operacións, xeometría, estatística…	11 Pescudar sobre o Entroido en Galicia e realizar un informe oral ou escrito	12 Investigar sobre as épocas históricas do patrimonio da zona e crear un informe oral e escrito	13 Sacarlles fotos a todas as plantas que atopemos para facer un rexistro cos seus nomes Realizar unha actividade física en familia: pasear, andar, remar, andar en bicicleta...	14 Fotografar patrimonio escultórico e crear un informe
15 Elaborar unha lista con todas as substancias perigosas da vivenda e pegala nun panel	16 Indagar e recompilar patrimonio inmaterial: adiviñas	17 Crear e resolver un problema contextualizado empregando tres operacións matemáticas	18 Identificar e reflexionar sobre desigualdades no desenvolvemento de tarefas domésticas entre os membros	19 Sacar fotos das mascotas das amizades ou dos membros da familia e facer un rexistro, póster, documental ou colaxe	20 Elixir e escoitar pezas musicais e compartilas realizando descricións Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar	21 Escoitar unha emisora de radio Realizar unha liga de xogos de mesa: Alakazum!, Marramiau
22 Analizar os gastos do mes e buscar estratexias para reducilos nun 3 %	23 Localizar, ler e gravar poemas de Rosalía de Castro que teñan temática de contornas naturais ou de alimentación saudable	24 Crear un audio recompilando o aprendido durante a semana e valorando o que quedou por aprender	25 Realizar un estudo estatístico comparativo dos días de chuvia de xaneiro e febreiro	26 Pescudar sobre o valor nutricional do prato de Harvard e crear un panel ou titorial	27 Indagar, realizar un informe oral e publicitar o traballo dunha muller fotógrafa da contorna	28 Deseñar e crear un prato de comida con cereais e rexistrar os ingredientes con palabras ou imaxes, fotografando, gravando e publicitándoo



Núcleo urbano. Concello do Rosal

Marzo 2027

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE DE ANIMACIÓN

Paddington 3, El rey León

PROPOSTAS DE LITERATURA INFANTIL E DE PRIMARIA

¿A qué sabe la luna?, Michael Grejniec; *Parchís,* Maria Girón
Lágrimas de cocodrilo, André François; *O agasallo de Anya*, Sabela Núñez Singala

OBRAS MESTRAS DO CINE

La tentación vive arriba (Wilder, 1955)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

Golpes de luz, Ledicia Costas; *Onde nacen as bestas,* Pedro Feijoo

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
			1 Deseñar un rastrexo pola zona con probas empregando un compás e/ou un mapa	2 Identificar prendas de vestir dos membros da familia e crear unha revista de moda	3 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	**4** Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes, localizala no mapa da provincia e rexistrar a información de forma oral ou escrita
5 Ler un xornal cada día da semana e localizar algunha nova que fale de mulleres	6 Realizar unha ecoauditoría sobre o uso da auga e da luz	7 Indagar sobre as concellerías do teu concello relacionadas coa muller e a compensación das desigualdades	8 Crear un *podcast* expositivo sobre o papel das mulleres na historia valorando as desigualdades	9 Cear coa televisión apagada e conversar sobre a utilidade e os perigos das redes sociais Gravar un titorial para subir á canle familiar de YouTube sobre o libro escollido na biblioteca	10 Crear unha liña do tempo dos membros da familia materna e paterna Realizar unha liga de xogos de mesa: Lucky Numbers, Sagrada	**11** Fotografar patrimonio pictórico e crear un informe Cear coa televisión apagada e conversar sobre os accidentes de tráfico
12 Indagar e recompilar patrimonio inmaterial: refráns	13 Analizar e comparar un gráfico cos datos do paro entre mulleres e homes	14 Crear a pirámide nutricional mediante recortes dun folleto de alimentación e enviárllela aos membros da familia a través do correo electrónico e do móbil	15 Fotografar doce árbores diferentes da zona e buscar información sobre elas para realizar unha montaxe	16 Crear audios argumentando os beneficios da auga para a saúde Investigar sobre as pegadas do pobo romano ou xudeu no patrimonio da provincia e realizar unha liña do tempo	17 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar Elixir e escoitar pezas musicais e compartilas realizando descricións	**18** Indagar sobre a procedencia dos alimentos Escoitar unha emisora de radio
19 Crear unha cuña publicitaria sobre o valor dos bosques na zona	20 Facer unha breve descrición oral ou escrita sobre as relacións entre os membros da túa familia	21 Buscar información e crear audios publicitando cinco balnearios galegos	22 Crear un avatar que diga o que tes pensado facer esta fin de semana	23 Propoñer cinco medidas de aforro enerxético no fogar	24 Indagar, realizar un informe oral e publicitar o traballo dunha muller escultora da contorna Publicitar propostas de literatura, cine e música	**25** Buscar información sobre obras de teatro representadas no último ano en Galicia, comparar coas de España e asistir a unha función
26 Escribir ou relatar os ciclos da auga en diferentes idiomas	27 Realizar un gráfico estatístico en Excel sobre os alimentos de peixe e vexetais máis consumidos no fogar	28 Crear unha obra plástica empregando a técnica do *puntillismo* logo de analizar diferentes obras de pintores que a empregaron	29 Buscar teatros actuais en Galicia localizados en edificios históricos e rexistrar o número de obras que se representaron o ano anterior	30 Inventar unha historia de teatro con catro personaxes de forma oral ou escrita	31 Deseñar e crear un prato de comida con pasta e rexistrar os ingredientes con palabras ou imaxes, fotografando, gravando e publicitándoo	



Illas Cíes. Concello de Vigo

Abril 2027

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE DE ANIMACIÓN

Lilo y Stitch, Spiderman: Across the Spider-Verse

PROPOSTAS DE LITERATURA INFANTIL E DE PRIMARIA

A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza, Werner Holzwarth

La jirafa Oriana, Sabela Gil e Borxa Guerrero

*Cen adiviñas para enreda*r, Nones Araújo

OBRAS MESTRAS DO CINE

La venganza de una mujer (Azevedo, 2012)*; Los 400 golpes* (Truffaut, 1959)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

Hoxe toca Leiva?, Lois Pérez; *Mulleres que viven xuntas,* Abril Camino

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
			1 Planificar actividades de lecer en familia para o mes	2 Crear un decálogo de hábitos saudables, pegalo no frigorífico e enviárllelo por correo electrónico aos membros da familia, amizades, profesorado...	3 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	**4** Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes, localizala no mapa da provincia e rexistrar a información de forma oral ou escrita
5 Expresar en inglés e galego cales son os sitios favoritos da túa localidade: *park, museum, candy shop*...	6 Empregando Google Maps, crear o mapa da túa zona e sinalizar o percorrido da túa casa á escola ou buscar locais de restauración do concello	7 Crear un informe oral ou gráfico con accións que promovan a saúde	8 Conversar sobre recursos patrimoniais relacionados coa auga e publicitar con medios de comunicación	9 Crear unha árbore xenealóxica da familia da liña materna e paterna coas profesións máis relevantes	10 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar Gravar un audio cada día resumindo o que se aprendeu durante a semana	**11** Fotografar pontes e fontes da contorna e crear un informe Realizar unha liga de xogos de mesa: Pelusas Revolution, ¡Aventureros al tren!
12 Realizar experiencias sinxelas relacionadas cos cambios de estado (sólido, líquido, gaseoso) ou as mesturas e crear un titorial	13 Buscar solucións para libros e prendas de vestir en desuso	14 Gravar un titorial de diferentes mesturas e disolucións caseiras	15 Conversar en familia sobre as fontes de enerxía: lumínica, sonora, eléctrica, térmica e química	16 Crear un *podcast* argumentativo sobre o teu libro preferido escrito por unha muller	17 Deseñar e crear un prato de comida con garavanzos e rexistrar os ingredientes con palabras ou imaxes, fotografando, gravando e publicitándoo	**18** Escoitar unha emisora de radio Elixir e escoitar pezas musicais e compartilas realizando descricións
19 Ler en familia un libro (ou capítulo) durante polo menos 30 minutos	20 Crear e resolver un problema matemático con datos reais empregando dobre ou metade	21 Crear un *podcast* argumentativo sobre a túa película ou serie favorita	22 Describir a utilidade de diferentes aparellos do fogar	23 Inventar un rap sobre unha temática e gravar un audio Gravar un vídeo sobre a importancia de non consumir azucres engadidos	24 Crear un retrato empregando técnicas diversas: colaxe, óleo, témpera, carbón... Publicitar propostas de literatura, cine e música	**25** Indagar, realizar un informe oral e publicitar o traballo dunha muller costureira da contorna
26 Pescudar e recoñecer a rede hidrográfica de Galicia/España e identificar os ríos galegos que compartimos con Portugal e con outras comunidades	27 Fotografar diferentes plantas e animais propios dos ecosistemas da zona	28 Realizar un herbario de plantas medicinais no que se achegue información sobre elas empregando as TIC	29 Crear un guión e gravar unha película de animais empregando o móbil	30 Preguntarlles a tres membros da familia ou amizades sobre os seus animais favoritos e escribilos en inglés/galego		



Capela da Lanzada. Concello de Sanxenxo

Maio 2027

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE DE ANIMACIÓN
Zootrópolis 2, La princesa Mononoke

PROPOSTAS DE LITERATURA INFANTIL E DE PRIMARIA
Patas arriba, Anne Derenne; *Hai alguén máis feroz ca min?,* Hugo Fernandes
Cocorico, María Luisa Núñez Álvarez
Baia, a folliña do bosque, Lucy Fleming

OBRAS MESTRAS DO CINE
El apartamento (Wilder, 1960)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES
Ultreia, Francisco Narla; *Punto de araña,* Nerea Pallares

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
					1 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	**2** Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes, localizala no mapa da provincia e rexistrar a información de forma oral ou escrita
3 Crear problemas sobre a vida cotiá que se resolvan mediante operacións matemáticas	4 Indagar sobre xogos tradicionais e crear un mural	5 Conversar en familia sobre as vantaxes e os inconvenientes dos diferentes medios de transporte	6 Realizar unha análise de información dixital sobre as razóns polas que as persoas senten a necesidade de consumir ao ver un anuncio publicitario	7 Indagar sobre a persoa homenaxeada e explicarlle á familia o que se aprendeu	8 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar	**9** Fotografar relevos da contorna e/ou regatos localizando insectos, reptís, paxaros etc. e crear un informe Publicitar propostas de literatura, cine e música
10 Crear un *podcast* sobre patrimonio escultórico, pictórico ou inmaterial	11 Indagar sobre os membros da familia e a súa historia	12 Analizar o equilibrio ou desequilibrio entre mulleres e homes homenaxeados no Día das Letras Galegas	13 Rexistrar e seleccionar os libros favoritos en galego Elaborar e argumentar unha merenda saudable creando un audio	14 Buscar na rede un experimento sinxelo Crear unha composición plástica con fotografías dos membros da familia	15 Deseñar e crear un prato de comida con patacas e rexistrar os ingredientes con palabras ou imaxes, fotografando, gravando e publicitándoo	**16** Realizar unha liga de xogos de mesa: 7 Wonders, Patchwork
17 Conversar en familia sobre a situación do galego, o seu emprego e as estratexias para o seu uso e crear un manifiesto	18 Realizar en familia unha visita virtual a un museo e describir as dúas obras que máis gustaron	19 Indagar sobre as cuncas fluviais da zona ou península identificando os ríos que pasan por Galicia e o seu estado e redactar un informe oral ou escrito	20 Facer unha colaxe coas fotos da familia en formato dixital e en papel	21 Crear un *podcast* sobre un libro en galego dunha escritora (visibilizando catro regras ortográficas e de puntuación)	22 Indagar, realizar un informe oral e publicitar o traballo dunha muller deseñadora da contorna Elixir e escoitar pezas musicais e compartilas realizando descricións	**23** Crear unha historia oral, en audio ou escrita a partir dun binomio fantástico con membros da familia como protagonistas Escoitar unha emisora de radio
24 Facer unha árbore xeneolóxica en inglés e galego: *mum, dad, sister, brother...*	25 Crear e resolver un problema matemático con datos da contorna do fogar (unidades, decenas, centenas e unidades de millar)	26 Conversar en familia sobre algún problema que tivésemos ao longo do mes e como fixemos para afrontalo e resolvelo	27 Crear unha tira de banda deseñada na que se promova a vida saudable ou a defensa do medio	28 Conversar en familia sobre os aspectos positivos e negativos de internet	29 Pescudar sobre os seres vivos da zona, agrupalos en animais, plantas e fungos e realizar un titorial, póster ou mapa mental. Completar coa creación dun texto expositivo sobre a temática	**30** Cear coa televisión apagada, conversar sobre situacións de acoso escolar e buscar solucións para erradicalas
31 Crear un *podcast* sobre unha película en galego						



Vistas desde o miradoiro Faro das Lúas. Concello de Vilanova de Arousa

Xuño 2027

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE DE ANIMACIÓN

La tumba de las luciérnagas

PROPOSTAS DE LITERATURA INFANTIL E DE PRIMARIA

Mariluz Avestruz, Rachel Chaundler e Bernardo Carvalho

Corre corre, cabaciña, VV. AA.; *Axencia máxica de Vetectives*, J. Santoro Gallego

OBRAS MESTRAS DO CINE

Hojas de otoño (Kaurismäki, 2002); *Cinema Paradiso* (Tornatore, 1988)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

Circe ou o pracer do azul, Begoña Caamaño

Asasinato no muíño do cura, Arantza Portabales

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
	1 Ver un documental relacionado co medio e realizar unha ficha técnica	2 Escoitar novas nun telexornal e conversar coa familia sobre elas ofrecendo opinións e solucións	3 Facer unha campaña de doazón de prendas de vestir en desuso para Cáritas	4 Crear un póster dixital ou un cartel con recomendacións de coidado do medio	6 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	**6** Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes, localizala no mapa da provincia e rexistrar a información de forma oral ou escrita
7 Localizar palabras en inglés e galego en audicións de cancións Realizar un maratón oral de vocabulario en inglés e galego entre os membros da familia	8 Indagar e explicar a fotosíntese e a súa utilidade para a vida e a Terra	9 Explicarlle e argumentarlle á familia as causas e consecuencias do cambio climático	10 Aprender, escribir e gravar algunha canción tradicional que saiban as avoas e os avós	11 Crear un *podcast* sobre patrimonio natural relacionado co mundo vexetal Identificar nunha audición da televisión ou nunha nova nun xornal tempos verbais diferentes	12 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar Realizar unha liga de xogos de mesa: Uno, Dos	**13** Fotografar prazas da contorna e crear un informe sobre a súa funcionalidade Escoitar unha emisora de radio
14 Pescudar sobre películas de animación en versión orixinal en inglés con subtítulos e ver unha delas en familia	15 Crear problemas matemáticos empregando a xeometría	16 Facer a lista da compra, ir á froitería e mercar froita para facer unha crema de iogur con froitos vermellos	17 Escoitar a música preferida dos membros da familia e realizar unha recompilación para gravar nun CD	18 Crear un *podcast* sobre cine	19 Crear sudokus, crucigramas, sopas de letras, xogos de memoria, preguntas de Trivial... empregando vocabulario e imaxes de música	**20** Deseñar e crear un prato de comida con verduras e rexistrar os ingredientes con palabras ou imaxes, fotografando, gravando e publicitándoo
21 Ver debuxos animados ou películas en inglés e galego con membros da familia e identificar cando menos entre tres e cinco palabras	22 Deseñar unha campaña publicitaria (vídeo, cuñas, *podcasts*...) para atraer habitantes a localidades envellecidas	23 Buscar unha ruta na rede e facer un plano empregando Google Maps	24 Cear en familia e conversar sobre lugares atractivos da contorna para gozar en vacacións	25 Crear un *podcast* sobre alimentación saudable e biosostible	26 Elixir e escoitar pezas musicais e compartilas realizando descricións Publicitar propostas de literatura, cine e música	**27** Localizar, empregando as TIC, información sobre mulleres deportistas ou investigadoras da zona e deseñar un informe oral, escrito ou gráfico
28 Crear unha poesía en forma de caligrama Buscar nos xornais ou en internet a carteleira de cine e elixir unha película para ir ver coa familia	29 Crear e resolver un problema matemático empregando a estatística con datos do fogar (lectura de libros, alimentos lácteos, inxesta de legumes...), medidas temporais ou múltiplos e submúltiplos do euro	30 Crear un xogo de memoria de vocabulario relacionado co verán				

PROPOSTAS PARA O VERÁN

Comunicar

Xogar

Interpretar

Interesarse por...

Crear

Descubrir

Participar

Promover a saúde

Pintar

Limpar

Reducir desigualdades

Apreciar

Indagar

Ordenar

Planificar

Xullo 2027

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Querer

Conversar

Escoitar

Agosto 2027

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

Observar

Consumir responsablemente

Rir

Soñar

Comprender

Falar

Ler

Respectar

Cociñar

Fotografar

Expresar

Ser sostibles

Cantar

Pasear

Gozar

...



Este calendario competencial do curso 2026-2027 pretende dinamizar aprendizaxes que se realizan na familia, nos centros educativos e, por suposto, na contorna social, cultural e natural, xa que estas son moito máis significativas e duradeiras.

Este calendario ten a finalidade de facer posible que a educación sexa unha tarefa compartida e comprometida entre as familias e o profesorado como piares fundamentais xunto coa sociedade.

Coas transformacións sociais e educativas actuais urxe dotar as familias e o profesorado de estratexias para desenvolver competencias no ámbito social, cultural e familiar.

Deste xeito, todas e todos serán copartícipes activos do proceso educativo.

Por outra parte, o medio social, natural e cultural é o mellor recurso curricular para aprender, para pensar, para pescudar, para cuestionarse…

As competencias promoverán, a través das situacións de aprendizaxe, o paradigma educativo de aprender a aprender e de aprender facendo.

No calendario aparecen propostas de situacións de aprendizaxe para educación infantil e primaria, sobre educación ambiental e reciclaxe, sobre o consumo responsable de luz e auga, coa creación de cuñas ou *podcasts*, con actividades colaborativas corresponsables, saudables, solidarias, ecosociais e sostibles.

O noso desexo é que este calendario favoreza o desenvolvemento físico, afectivo, creativo, social e intelectual de fillas e fillos, alumnas e alumnos, de docentes e da familia dun xeito divertido e comprometido, xa que ofrece oportunidades para mellorar a linguaxe verbal oral e escrita, a comprensión e a comunicación, a atención, a memoria, a iniciativa, o emprendemento, a autonomía, a escoita activa, o pensamento reflexivo e deliberativo, a posibilidade de resolver situacións, de falar máis e mellor, de compartir etc., sen esquecernos da competencia en comunicación lingüística (CCL), da competencia plurilingüe (CP), da competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (CSTEM), da competencia dixital (CD), da competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA), da competencia cidadá (CC), da competencia emprendedora (CE) ou da competencia en conciencia e expresión culturais (CEEC).

Todas e todos deben facilitar ferramentas, estratexias ou actuacións para poder implicarse e compartir esa educación.

Idea e deseño: T. Domínguez e B. Sousa
Deseño de actividades competenciais e situacións de aprendizaxe: T. Domínguez, M. Martín e B. Sousa
Propostas de literatura: Javier Oliveira, Espazo Lector Nobel de Tui

A PROVINCIA DO DEPORTE

Deputación Pontevedra



Tendemos pontes
www.depo.gal